

A ARTICULACIÓN E OS LÍMITES DA METÁFORA

Ernesto Laclau

Universidade de Essex (Reino Unido)

Gérard Genette, nun famoso ensaio (1972, p. 41-63), trata a cuestión da interdependencia da metáfora e a metonimia na estruturación da narrativa de Proust. Seguindo os vieiros abertos polos traballos de Stephen Ullman (1957), Genette amosa que, ademais dese papel central que tradicionalmente se lle atribuíra á metáfora na obra de Proust, existen outros movementos semánticos de natureza tipicamente metonímica cuxa presenza é, con todo, necesaria para que a metáfora acadese efectos figurativos. Unha hipálaxe como *sécheresse brune des cheveux* –no canto de *sécheresse des cheveux bruns*– constituiría un exemplo representativo deses desprazamentos metonímicos. Porén, Genette insiste xa desde o principio en que non se trata dunha mera cuestión de recoñecer a coexistencia da metáfora e a metonimia no texto proustiano, senón de amosar que estas se necesitan mutuamente; que, sen que unha se vaia fundindo coa outra, ningunha das dúas podería desempeñar a función concreta que se espera delas na constitución dunha economía narrativa. Para empregar as súas palabras, «lonxe de seren antagonistas e incompatibles, a metáfora e a metonimia apóianse mutuamente e penetran unha na outra; e concederlle á segunda o lugar que merece non deberá consistir en elaborar coas metonimias unha listaxe paralela oposta á das metáforas, senón en presentar as relacións de “coexistencia” que se dan dentro desa mesma relación de analoxía: o papel da metonimia na metáfora» (1972, p. 42).

Genette ofrece varios exemplos desta conexión cruzada e, así, refírese aos numerosos casos en que «campanario» (*clocher*) garda unha relación metafórica con «espiga» (*épis*) ou con «peixe», en función da contorna da igrexa: rural no primeiro caso e marítima no segundo. Isto significa que a relación espacial de contigüidade é fonte de efectos de analoxía metafórica. «Espiga-campanario» (ou *église-meule*) no medio dos campos, «peixe-campanario» xunta o mar, «púrpura-campanario» sobre os viñedos, «brioche-campanario» á hora dos doces, «cabezal-campanario» á noite: fica claro que en Proust existe un patrón estilístico recorrente, case estereotipado, que poderíamos denominar «camaleón-cam-

panario» (*clocher-caméleo*). Deste xeito, prodúcese certa semellanza por contaxio; a metáfora atopa o seu punto de apoio nunha metonimia. Citando a Jean Ricardou, Genette enuncia o principio «qui se ressemble s'assemble (et réciproquement)» (1972, p. 45).

Ofrécense moitos máis exemplos desta solidariedade esencial entre contigüidade e analoxía: a que se dá entre os pratos autóctonos e o *vin de pays*; entre os cadros e o seu marco xeográfico; entre o desexo polas campesiñas e o seu medio rural; entre parentes; entre imaxes que se suceden en metáforas diexéticas; entre paisaxes e o seu reflexo nas portas de cristal dun andel, etc. En todos estes casos vemos que, sen a mutua implicación entre metáfora e metonimia, sería imposible garantir a unidade do espazo discursivo. O mesmo Proust non era consciente máis que a medias desta implicación mutua, e tendía a darlle prioridade ao lado metafórico. Como afirma Genette:

A indestrutible solidariedade da escritura, á procura de cuxa fórmula máxica parece andar Proust [«só a metáfora é capaz de conferirlle ao estilo unha especie de *eternidade*», dirá no seu artigo sobre Flaubert], non pode derivarse unicamente do vínculo horizontal definido pola traxectoria metonímica; mais tampouco se entende como se ía derivar unicamente do vínculo vertical da relación metafórica. Só ao se cruzaren os dous se pode subtraer o obxecto da descrición e a descrición mesma das «continxencias temporais», é dicir, de toda continxencia; só ao se cruzaren mutuamente unha rede metonímica e unha cadea metafórica fica garantida a coherencia, a necesaria cohesión dun *texto* (1972, p. 60).

Vexamos como se produce este cruzamento. De vital importancia nel é a estrutura da «memoria involuntaria»: parece ser que no mecanismo da reminiscencia temos o caso dunha metáfora pura, despoxada de toda contaminación metonímica —o sabor da madalena, a posición do pé no pavimento irregular, etc. Mais o carácter temporal desa memoria analóxica vese inmediatamente desbordado. Como amosa Genette, só de xeito retroactivo descobre a análise que a reminiscencia parte dunha analoxía que se illa como «causa». De feito, a experiencia real comeza non coa aprehensión dunha identidade de sensacións, senón dun sentimento de «pracer», de «alegría», que aparece sen que haxa noción da súa causa (1972, p. 56). Malia os exemplos contidos en *Swann* e *Le Temps retrouvé* diferiren no seu desenvolvemento, o esencial é, en ambos os casos, que a

cadea de reminiscencias vai, de xeito metonímico, moi para alén da analoxía orixinal –así, en *Swann* a cunca leva á reminiscencia do cuarto, do cuarto á casa, logo á aldea e de aí á rexión enteira.

Neste punto, o fundamental é notar que esta primeira explosión [o detonador da analoxía] sempre vai acompañado tamén, e necesariamente, por unha especie de reacción en cadea que se produce non por analoxía, senón por contigüidade, e que constitúe, precisamente, o momento mesmo en que o contaxio metonímico [ou, para usarmos o termo de Proust, a *irradiación*] substitúe a evocación metafórica (1972, p. 56).

Para Genette, é este cruzamento entre metáfora e metonimia o que garante a existencia da narración. Se non tivéssemos máis que a dimensión metafórica, *À la recherche du temps perdu* non sería unha novela, senón unha sucesión de momentos líricos carentes de encadeamento temporal. Por isto, Genette conclúe:

Sen metáfora, Proust vén dicindo que non existen verdadeiros recordos; nós engadí-moslle, a el e a todos, que, sen metonimia, non hai encadeamento de recordos, non hai *historia*, non hai novela. Pois é a metáfora a que recupera o Tempo perdido, mais é a metonimia a que o reanima, a que o volve pór en movemento: a que o devolve ao seu ser e á súa auténtica «esencia», que é a súa propia evasión e a súa propia Busca. Daquela, aquí, só aquí, mediante a metáfora mais *dentro* da metonimia, é onde comeza a Narración (*Récit*) (1972, p. 63).

Quero facer algúns comentarios antes de que nos despedidamos de Genette. Este autor esclareceu moi ben a relación de implicación mutua entre a metáfora e a metonimia, que por si crea a unidade do texto. Esa implicación mutua ten, xa que logo, efectos *totalizadores*; Genette cita, por exemplo, a seguinte pasaxe de Proust: «Je me jetais sur mon lit; et, comme si j'avais été sur la chouchette d'un de ces bateaux que je voyais assez près de moi et que la nuit on s'étonnerait de voir se déplacer lentement dans l'obscurité, comme des cygnes assombris et silencieux mais qui ne dorment pas, j'étais entouré de tous côtés des images de la mer» (I, p. 804).

E comenta Genette: «Advírtese aquí a concorrencia explícita da relación metafórica (*comme si*) e a da metonímica (*près de moi*); e a segunda metáfora

tamén é metonímica en si mesma, enxertada na primeira (*navires = cygnes*)» (1972, p. 55).

No entanto, a cuestión que aínda hai que mencionar é a que se refire ao tipo de unidade que se logra constituír mediante a articulación entre metáfora e metonimia. De recoñecermos –como coído que debemos facer– que esa unidade é fundamental para que un texto teña coherencia, existen varias posibilidades sobre como concibir a interacción que se produce entre estas dúas dimensións. Genette non suxire en absoluto que tal interacción teña que entenderse como o axuste das pezas do mecanismo de reloxaaría, e os propios termos que emprega (*recouplement, croisée*) indican que ten en mente algo considerablemente máis complexo. Porén, non avanza moito á hora de determinar a natureza concreta dese *recouplement*, principalmente, coído eu, porque o seu maior interese radica en amosar a presenza de ambos os tropos no texto proustiano. Ao tratar a distinción que fai Jakobson entre a metonimia como dimensión prosaica do discurso e a metáfora como a poética, afirma que: «habería que considerar a escrita proustiana como o intento máis extremo de acadar este estadio mixto, asumindo e activando por completo os dous eixes da linguaxe, que resultaría irrisorio denominar “poema en prosa” ou “prosa poética” e que constitúen, de xeito absoluto e no sentido íntegro do termo, o Texto» (1972, p. 61).

Para as cuestións que imos debater neste ensaio resulta fundamental determinar con precisión a lóxica con que se articulan os eixes dese «estadio mixto».

* * * * *

Genette é claramente consciente de que o seu uso das categorías «metáfora» e «metonimia» é algo idiosincrático, posto que vai alén do que a retórica canónica adscribiría a estas categorías. Por exemplo, existe en Proust unha marcada preferencia polas «metáforas continuadas» (*métaphores suivies*): «Son moi escasas na súa obra esas aproximacións fulgurantes suxeridas por unha soa palabra, as únicas para as que a retórica clásica reservou o nome de metáfora» (1972, p. 55). En moitos casos, as comparacións por analoxía danse de xeito continuo e ocupan varias páxinas do texto. Porén, tamén podería parecer abusivo chamarlle metonimia a unha contigüidade de lembranzas que non implican relación de substitución ningunha; mais, como subliña Genette:

[...] é a natureza da relación semántica o que está en xogo, e non a forma da figura [...]. O mesmo Proust ofreceu un exemplo deste abuso chamándolle metáfora a unha figura que, na súa obra, adoita ser unha comparación explícita na que non hai substitución, de maneira que os efectos de contaxio aos cales nos referimos antes veñen equivalendo, no eixe de contigüidade, ao que son as metáforas proustianas no eixe da analoxía. E son, con relación á metonimia *stricto sensu*, o que constitúen as metáforas proustianas con respecto ás metáforas clásicas [...]. Moi axiña, o sinal-sensación tórnase en Proust unha especie de *equivalente* do contexto ao cal vai asociada, igual que a *petite phrase* de Vinteuil se volveu, para Swann e Odette, «como a aria nacional do seu amor»: isto é, o emblema deste (1972, p. 58).

Esta pasaxe resulta fundamental. Por unha banda, Genette fala dun uso «abusivo» das categorías retóricas; mais, pola outra, describe tal abuso como unha transgresión que supón pasar da *forma* da figura a unha relación *semántica* que, malia estar implícita nesa forma, excede claramente tales límites formais. Ante isto, xorden as seguintes preguntas:

- 1) Se as relacións semánticas subxacentes baixo a metáfora e a metonimia transcenden a súa forma retórica, non están esas relacións ancoradas na significación como tal, alén dos límites retóricos clásicos?, ou ben non podería entenderse a significación como unha retórica xeneralizada, é dicir, que a «retoricidade» se podería considerar non como abuso senón como constituínte –no sentido transcendental– da significación?
- 2) Nese caso, abonda con entender ese «alén» da forma retórica como algo meramente «semántico», o cal necesariamente o adscribiría ao nivel do significado? Non suporía a relación significante-significado unha dialéctica que nos leva, alén da semántica, ata unha materialidade do significante que inscribe os desprazamentos retóricos na estrutura mesma do signo? Pensemos nas «pontes verbais» de Freud.
- 3) Por que eses desprazamentos son retóricos por natureza?; noutras palabras, por que están dominados pola oposición básica entre metáfora e metonimia?
- 4) Como entender esa oposición? Implica unha relación de complementariedade ou, máis ben, unha limitación mutua dos seus efectos, de xeito que a metonimia establece os límites da metáfora e viceversa?

Un xeito de abordarmos estas preguntas sería dirixir a nosa atención a un achegamento teórico que, de maneira explícita, tenta vincular as categorías retóricas coas dimensións estruturais da significación como tal. Estoume a referir ao famoso ensaio de Roman Jakobson «Two aspects of language and two types of aphasic disturbances» (1956), no cal o autor toma como punto de partida que a afasia, ao ser unha alteración do uso da linguaxe, «ha de partir da pregunta de cales son os aspectos da linguaxe que se vén minguados nas diversas clases que existen deste trastorno» (1956, p. 69). A esta pregunta non se lle podería dar resposta «sen a participación de lingüistas profesionais familiarizados cos patróns e o funcionamento da linguaxe» (1956, p. 69).

Como apunta Jakobson, todo signo lingüístico presupón a súa disposición mediante dúas operacións: combinación e contextura, por medio das cales se lle outorga ao signo a súa posición, de acordo coas regras sintácticas e nunha sucesión ordenada na que participan outros signos; e selección e substitución, mediante as cales un signo pode ser substituído por outros en calquera posición estrutural dada. Esta distinción corresponde aos dous eixes da linguaxe identificados por Saussure: o sintagmático e o paradigmático –que el denominou asociativo. Combinación e substitución eran, para Saussure, os únicos dous tipos de operación que regulan as relacións existentes entre os signos. A partir desas dúas dimensións, Jakobson identifica dúas alteracións afásicas: na primeira, o trastorno da semellanza, refírese á imposibilidade de substituír un termo por outro, aínda que non se ve minguada a capacidade de combinalos; no segundo –o trastorno da contigüidade– é esa capacidade de combinar palabras a que resulta afectada. Con total independencia dos trastornos afásicos, existe en todo usuario da linguaxe, segundo Jakobson, unha propensión a recorrer primordialmente a un polo ou a outro da linguaxe:

Nun coñecido exame psicolóxico, preséntaselles aos nenos un substantivo e pídeselles que pronuncien a primeira resposta oral que se lles veña á cabeza. Neste experimento maniféstanse invariablemente dúas predileccións lingüísticas opostas: a resposta ofrécese ben como substituto ou ben como complemento do estímulo [...]. Ante o estímulo *cabana*, unha resposta foi *queimada*; outra, *casina miserenta*. Ambas as reaccións son predicativas, mais a primeira crea un contexto puramente narrativo, mentres que na segunda existe unha dupla relación co suxeito *cabana*: por unha banda, unha contigüi-

dade de posición, nomeadamente sintáctica, e, por outra banda, unha semellanza semántica (1956, p. 90-91).

Desde estes dous eixes da linguaxe –o paradigmático e o sintagmático, substitución e combinación–, Jakobson pasa ao eido retórico: a metonimia corresponderíase coa combinación e a metáfora coa substitución. E esta alternativa non é meramente rexional, senón que regula o comportamento humano no seu conxunto:

Ao manipular estas dúas clases de relación, semellanza e contigüidade, nos seus dous aspectos, posicional e semántico –o escollelas, combinalas e clasificalas–, o individuo exhibe o seu estilo persoal, as súas predileccións e preferencias verbais (1956, p. 91).

A estrutura bipolar da linguaxe, ou doutros sistemas semióticos, e, na afasia, a fixación cun destes dous polos, excluindo o outro, precisan estudos comparativos sistemáticos. A retención dunha destas alternativas nos dous tipos de afasia hase de confrontar co predominio dese mesmo polo en determinados estilos, hábitos persoais, modas actuais, etc. (1956, p. 93).


Para Jakobson, este argumento esta na base dunha interpretación cultural máis ampla. Na arte oral vemos que, na poesía, a letra lle dá preferencia ao eixe metafórico, igual que no Romanticismo e no Simbolismo, mentres que na arte realista, cuxo epítome é a novela, prevalecen os desprazamentos metonímicos. Aquí temos de novo, en termos diferentes, o argumento que xa atopamos en Genette: a obra máis senlleira de Proust é unha novela, e non unha sucesión paratáctica de momentos líricos, porque as metáforas se cimentan en relacións metonímicas. Para Jakobson, esta alternativa aplícaselle igualmente á arte non oral: no Cubismo, a sucesión de sinécdoques é esencialmente metonímica, mentres que no Surrealismo as imaxes case-alegóricas tenden á metáfora. E, no cinema, a pluralidade de ángulos e primeiros planos existente na produción de Griffin é metonímica por natureza, mentres que en Charlie Chaplin e Eisenstein a narrativa e a estrutura é unha substitución de imaxes. De feito, para Jakobson calquera sistema semiótico pode entenderse en función da alternativa metafórica ou metonímica.

O gran mérito da análise de Jakobson consiste en achegar categorías retóricas ao seu lugar particular dentro da estrutura lingüística; é dicir, en amosar que é

esta última a que se acha na raíz de todos os movementos figurativos. Nese sentido, a metáfora e a metonimia non son só unhas figuras entre outras moitas, senón as dúas matrices fundamentais arredor das cales se deberían ordenar todas as demais figuras e tropos. Deste xeito, a clasificación de figuras retóricas deixa de ser unha enumeración heteróclita de formas e presenta unha estrutura clara ancorada na súa dependencia das dimensións básicas da linguaxe. No entanto, para facer a transición desde estas dimensións ata o seu investimento retórico concreto é preciso ter en conta algunhas consideracións máis que vou resumir nas seguintes páxinas.

En primeiro lugar, está a cuestión de facer a transición desde o eixe da combinación –a dimensión sintagmática– á metonimia. Porque, malia que un movemento tropolóxico ao longo desa dimensión non se pode concibir máis que no plano metonímico, non existe nada na combinación, considerada por si soa, que faga precisa a existencia dese movemento. Así, podemos imaxinar sen problema ningún unha combinación de termos que sigan regras sintácticas que non supoñan desprazamento metonímico ningún. No tocante á combinación, o grao de tropoloxía é cero, e un pode dicir perfectamente *sécheresse des cheveux bruns* no canto de *sécheresse brune des cheveux*. Neste caso, o figurado sería algo engadido desde fóra á significación, non unha parte integral desta, e volveríamos á visión clásica da retórica como adorno da linguaxe. Polo tanto, se queremos establecer unha conexión máis íntima entre tropos e significación, temos que atopar un modo de socavar a propia posibilidade de que exista un grao cero retoricamente neutro.

Axiña se atopa este modo unha vez que pasamos da «combinación» ao segundo eixe: «substitución-selección», dado que aquí, a diferenza do que acontece no eixe de combinación, non existe o grao cero: *a priori*, a substitución –máis unha vez, considerada por si soa– non está sometida a regra sintáctica ningunha. É o propio Saussure quen o afirma: «Mentres que un sintagma evoca de inmediato a idea dunha orde de sucesión e dun número determinado de elementos, os termos dunha familia asociativa non se presentan nin en número definido nin nunha orde determinada» (1980, p. 174). Daquela, o eixe de substitución, que tamén é constitutivo da linguaxe, subverte o principio mesmo de posicións estruturais en que se fundamenta a sucesión sintagmática. A este respecto, resulta certamente revelador o diagrama de Saussure do conxunto de posibilidades que abre a substitución:



Unha destas posibilidades reviste particular importancia na nosa argumentación: a imposibilidade de confinar a substitución –e, en consecuencia, a transgresión tropolóxica– á orde do significado. Asevera Saussure: «Ou ben existe unha dupla comunidade de sentido e forma, ou ben unha comunidade de só sentido ou só forma. Calquera palabra pode evocar calquera cousa susceptible de ser asociada con esa palabra dun xeito ou doutro» (1980, p. 174). Velaquí a razón pola cal antes afirmamos que o «alén» da forma retórica non se pode confinar ás asociacións semánticas. Unha posibilidade consiste en que os movementos retóricos non teñan lugar só ao nivel do significado, senón tamén ao do significante. No «home das ratas» de Freud, prodúcese un desprazamento de «rata» a *Spielratten* «xogo de azar» e, deste xeito, o pai –xogador– incorpórase ao «complexo das ratas».

Ata onde nos levan estas consideracións no tocante á relación metáfora-metonymia? A principal conclusión é que as nocións de «analogía» e «contigüidade» –que constitúen, respectivamente, os alicerces definitorios dos dous tropos–, lonxe de seren de naturezas de todo diferentes, tenden, polo contrario, a se iren fundindo unha coa outra. Por que? Porque as dúas representan unha transgresión do mesmo principio, que é a lóxica diferencial asociada ao eixe sintagmático do sistema significador. A única distinción que se pode establecer

entre ambas as figuras radica en que, no caso da metonimia, resulta de todo visible a transgresión das posicións estruturais que definen as relacións de combinación, mentres que na metáfora a analoxía pasa completamente por alto esas diferenciacións estruturais; como amosa Saussure, as asociacións poden moverse nas direccións máis diversas. En certo sentido é posible dicir que a metáfora é o *telos* da metonimia, o momento en que a transgresión das regras de combinación alcanzou o punto de non-retorno: viu a luz unha nova entidade que nos fai esquecer as prácticas transgresoras en que se asenta. Mais sen esas prácticas, que son esencialmente metonímicas, non podería xurdir a nova entidade metafórica. Como amosa Genette no caso de Proust, a analoxía sempre se fundamenta nunha contigüidade orixinaria.

Chegados a este punto, podemos tirar unha conclusión que vai ser importante para a nosa análise política: a contigüidade e a analoxía non son, en esencia, diferentes entre si, senón os dous polos dun *continuum*. Poñamos un exemplo sobre o que xa tratei noutra obra (2001, p. 229-253): supoñamos que temos un barrio onde existe violencia racista e a única forza capaz de enfrontarse a ela nesa zona sexan os sindicatos. Poderíase pensar que, normalmente, oporse ao racismo non é a tarefa natural dos sindicatos e que, se aí asumen ese labor, é por un abano continxente de forzas sociais. É dicir, que esa «asunción» se deriva dunha relación de contigüidade, ou que, noutras palabras, a súa natureza é metonímica. Pensemos, no entanto, que esta «asunción» se prolonga moito; nese caso, a xente afaría-se a ela e tendería a pensar que é unha parte normal das prácticas sindicais. Deste xeito, o que era un caso de articulación continxente vólvese parte do significado fundamental do termo «sindicato», a «contigüidade» fúndese coa «analoxía», a «metonimia» coa «metáfora». Para anticiparmos o que imos tratar dentro dun momento, podemos dicir que este feito é inherente a esa crucial operación política que chamamos «hexemonía»: o paso da metonimia á metáfora, da articulación continxente á pertenza esencial. O nome –dun movemento social, dunha ideoloxía, dunha institución política– constitúe sempre a cristalización metafórica de contidos cuxos vínculos analóxicos se derivan da ocultación da contigüidade continxente das súas orixes metonímicas. Á inversa, a disolución dunha formación hexemónica supón a reactivación desa continxencia: volver desde unha fixación metafórica «sublime» a unha humilde asociación metonímica.

Porén, con esta conclusión só establecemos o seguinte: que a distinción entre o metafórico e o metonímico ten prioridade matricial sobre outros tropos; que é posible, dun xeito ou doutro, reducilos a esa matriz; e que tal distinción matricial non se refire simplemente a elementos opostos senón aos dous polos dun *continuum*. Con todo, para afirmar que a retoricidade é inherente á significación cómpre dar un paso máis: amosar que, sen un desprazamento tropolóxico, a significación non podería atopar o seu propio fundamento. Xa tratei de demostrar esta cuestión noutra obra e non a vou repetir aquí (1996 e 2005); digamos tan só que para facer esa demostración é preciso amosar que a significación, para ser posible, require un peche, e que ese peche –dado que supón representar un obxecto que é imposible e necesario á vez– conduce á produción discursiva de significantes baleiros. Como tentei amosar, un significante baleiro non é só un significante sen significado –que, como tal, ficaría fóra da significación–, senón un significante que significa o punto cego inherente á significación, o punto onde a significación bate cos seus propios límites e que, porén, para ser posible, ha de representarse como condición previa, e carente de significado, do significado. En termos psicanalíticos, sería o momento do Real, o momento da distorsión do Simbólico, que é a condición previa para que o simbólico se constitúa como totalidade. Agora ben, se a representación de algo irrepresentable é a propia condición da representación como tal, isto quere dicir que a representación –deformada– desta condición supón unha substitución; noutras palabras, que só pode ser de natureza tropolóxica. E non se trata dunha substitución que se deba concibir como un intercambio de termos positivos: implica pórllle nome a algo que é esencialmente «innomeable», a un lugar baleiro. Isto é o que fai que sexa fundamental a catacrese. E, posto que todo movemento figurativo supón dicir algo máis do que se pode dicir cun termo literal, a catacrese é inherente ao figurativo como tal, tórnase a marca rexistrada da «retoricidade» en si mesma.

Chegados a este punto, volvamos á cuestión dos fundamentos do *continuum* entre o metafórico e o metonímico. Estes fundamentos, como xa indicamos, veñen dados pola oposición que se establece entre todo movemento tropolóxico e a lóxica diferencial da combinación que é inherente ao polo sintagmático da significación. A diferenza entre a analoxía e a contigüidade radica en que, malia que as dúas, mediante a súa substitución, subverten esa lóxica diferencial, a visibilidade do subvertido fica moi clara no caso da metonimia, mentres que

na metáfora tende a desaparecer. No entanto, se esta subversión de posicións combinatorias é inherente á retoricidade, e se a retoricidade é unha das dimensións da significación, isto significa que tal significación só se pode concibir como un interminable proceso de instauracións e subversións sucesivas de diferentes posicións. Por este motivo, a estricta observancia do estruturalismo sempre tendeu a facer fincapé no polo sintagmático da linguaxe, a expensas do paradigmático. Aínda así, a ambigüidade creada pola acción das dúas lóxicas opostas da combinación e a substitución non pasou de todo desapercibida, nin sequera na obra de Saussure. Como apuntou Joan Copjec:

Ao destacar a «perspectiva sincrónica» do lingüista e a súa comunidade, Saussure decidiu finalmente darlle prioridade ao sistema contemporáneo de significantes que operan nun –hipotético– momento: o presente. Esquecendo, para os seus fins, o seu importante aserto polo que estipulaba que o significado se debe determinar de xeito retroactivo –é dicir, deixando de lado a natureza diacrónica do significado–, acabou por fundar a ciencia da lingüística sobre a totalidade sistemática da linguaxe. En consecuencia, o argumento estruturalista deixou de ser o de que o significante final S_2 determina o que apareceu antes (S_1) e pasou a ser o de que S_2 determina S_1 e ademais S_1 determina S_2 ; noutras palabras, as oposicións recíprocas estabilizan significados entre termos coexistentes, e así as relacións diferenciais deixaron de ser unha ameaza para a transvaliación de todos os significantes anteriores (1995, p. 205-206).

Porén, se incorporamos a perspectiva diacrónica que enunciou o propio Saussure, mais da que posteriormente se esqueceu, a consecuencia fica clara: S_2 pode ser o fundamento do sistema sempre e cando non implique ocupar unha posición precisa e particular. O mesmo argumento é aplicable no tocante á teoría dos conxuntos: o que lle dá nome ao conxunto non pode ser parte del. O que o xiro retórico lle engadiría a este argumento é que o termo que denomina o conxunto constitúe un dos elementos concretos dese conxunto, elemento cuxa identidade se atopa dividida entre a súa propia particularidade e o seu papel significador da totalidade. É esta dupla función a que se acha na raíz de todo desprazamento tropolóxico.

A retoricidade, en primeiro lugar, en canto dimensión da significación, non ten límites que constrinxan o seu ámbito de operación; linda coa propia estru-

tura da obxectividade. Isto relaciónase, ante todo, coa noción de «discurso» que empregamos no noso traballo, noción que non vai asociada de xeito exclusivo nin primario á fala nin á escrita, senón a calquera práctica significativa. Por esta razón equivale á produción social do significado; é dicir, ao propio tecido da vida social. Non existe posibilidade ningunha de establecer unha separación estrita entre significación e acción; mesmo o aserto máis puramente constativo posúe unha dimensión performativa e, á inversa, non hai acción ningunha que non estea arraigada na significación. Polo mesmo motivo, non pode haber unha clara separación entre a significación e o afecto, dado que o segundo só se constitúe investindo de contido diferencial os diversos compoñentes dunha cadea significativa. Igual que nos «xogos de linguaxe» de Wittgenstein, as palabras e as accións –ás cales habería que engadir os afectos– forman parte dunha rede interdependente. Isto quere dicir que, se se formula unha correcta teoría sobre elas, categorías lingüísticas como as distincións entre significativo e sintagma e paradigma deixan de pertencer a unha disciplina rexional e pasan a definir relacións que actúan no terreo mesmo dunha ontoloxía xeral.

No entanto, e en segundo lugar, se a significación puidese pecharse sintagmáticamente –noutras palabras, se as propias relacións paradigmáticas de substitución puidesen ser reabsorbidas polas regras combinatorias–, a función da retórica non podería ser ontoloxicamente constitutiva. Sería posible pechar a relación estruturalista de determinación mutua entre S_1 e S_2 sen facer entrar en escena medio tropolóxico ningún, de xeito que a retórica ficaría relegada ao seu papel tradicional de adorno da linguaxe. Mais é neste punto onde procede comentar a imposibilidade de pechar un sistema significativo sen representar o irrepresentable. Unha vez que se acepta por completo a centralidade da catacrese, a retoricidade tórnase unha condición da significación e, en consecuencia, da obxectividade.

En terceiro lugar, logo de recoñecermos a posición da retórica na súa auténtica xeneralidade ontolóxica, é probable que as relacións que neste ensaio abordamos cunha terminoloxía estritamente tropolóxica se reproduzan a diferentes niveis de análise da realidade humana, mesmo cando non se percibe nin se recoñece a natureza retórica da distinción que presentamos. Na psicanálise, por poñermos o exemplo máis claro, hai moito que se recoñeceu explicitamente o carácter retórico do xeito en que funciona o inconsciente. A condensación

asimilouse á metáfora e o desprazamento á metonimia. A lóxica do obxecto supón, precisamente, un investimento polo cal un obxecto corrente se converte nun substituto da cousa inalcanzable. De acordo con Lacan, a sublimación consiste en elevar un obxecto ata a dignidade de cousa, operación de investimento que é catacréstica do principio á fin. E Copjec, nos seus estudos fílmicos, amosou que os primeiros planos non son unha parte do todo, senón unha parte que funciona precisamente como condición do todo, como a súa denominación; o cal leva a esa contaminación que se dá entre a particularidade e a totalidade e que, como vimos, está na base de todo movemento tropolóxico.

No resto deste ensaio vou tentar presentar como funcionan no eido político esas distincións das que estivemos a tratar ata o de agora. Vou argüír que se pode entender que as tensións que detectamos ao longo do *continuum* metáfora-metonimia funcionan plenamente na estruturación dos espazos políticos. A este respecto vou analizar dous casos: no primeiro veremos unha unilateralización case total do funcionamento da metáfora; no segundo, un bloqueo sistemático da transición da metonimia á metáfora, é dicir, un evitar que a contigüidade se vaia transformando en analoxía. A primeira posibilidade voua ilustrar coa lóxica da folga xeral en Sorel e a segunda coa estratexia política do leninismo.

* * * * *

Temos que darlle unha categoría teórica concreta á operación que realizamos cando intentamos entender como as categorías retóricas están presentes, de xeito implícito, naquelas lóxicas que gobernan as distincións que estruturan áreas diferentes daquelas en que orixinariamente se cría que funcionaba a retórica. Neste sentido, deberíamos evitar, fundamentalmente, caer en dúas tentacións. A primeira radica en facer das categorías retóricas o centro dunha transcendentalidade pura e dura; noutras palabras, o centro dun nivel no cal se formularían todas as distincións teóricas pertinentes e que reduciría os terreos en que estas se «aplican» ao empirismo das «monografías». Mais tamén debemos evitar o outro extremo, consistente en entender os dous niveis como universos completamente pechados, cuxas relacións mutuas só se puidesen ver como homoloxías puramente externas. A cuestión da comparación mesma entre rexións e niveis ha de concibirse en termos tropolóxicos: ningún nivel ten prioridade transcendental

sobre o outro, polo cal a propia interacción que se establece entre eles debe entenderse como unha área de desprazamentos que esvaecen as fronteiras que separan o empírico e o transcendental. Cada un deles debe enriquecer teoricamente os nosos coñecementos sobre o outro, cunha intertextualidade que non ten punto de ancoraxe definitivo.

Se tentamos pensar nas categorías que organizan o eido político e fan posible establecer unha comparación coa nosa análise retórica, poderíamos avanzar as seguintes teses: a política constitúe unha articulación de elementos heteroxéneos e esa articulación é esencialmente tropolóxica, dado que presupón unha dualidade entre a institución e a subversión de posicións diferenciais que, para nós, definen unha intervención retórica. Porén, a organización social non é exclusivamente política; en boa medida, consta de posicións diferenciais que non se ven ameazadas por confrontación ningunha entre grupos. Só por esta confrontación xorde o momento especificamente político, dado que pon de manifesto a natureza continxente das articulacións. Para recorrermos a unha distinción husserliana, poderíamos dicir que o social equivale a unha orde sedimentada, mentres que o político suporía o momento de reactivación. As formas contemporáneas de tecnocratismo expresarían a disolución do político e a redución da xestión da comunidade a unha mera cuestión de pericia. Trátase da substitución da política polo coñecemento, cuxa primeira formulación a atopamos en Platón.

Velaquí a base para establecermos unha comparación entre esta dualidade política-administración e os dous eixes da significación: o das combinacións e o das substitucións. Canto máis estable e libre de ameazas estea a orde social, máis prevalecerán as formas institucionais e organizaranse de acordo cun sistema sintagmático de posicións diferenciais. Canto máis se defina o panorama social polos enfrontamentos entre grupos, máis se dividirá a sociedade en dous bandos e, chegados ao límite, haberá unha dicotomización total do espazo social arredor das dúas únicas posicións sintagmáticas: «nós» e «eles». Todos os elementos sociais terían que situar a súa identidade arredor dun deses dous polos, cuxos compoñentes internos estarían vinculados por unha mera relación de equivalencia. Mentres que nun discurso político institucionalista se multiplican diferentes posicións que están en relación de combinación entre si, nun discurso antagónico de ruptura o número de posicións diferenciais sintagmáticas redúcese radi-

calmente e todas as identidades establecen relacións paradigmáticas de substitución con todas as demais de cada un dos dous polos. Nos meus traballos denominei estas dúas lóxicas políticas opostas a lóxica da diferenza e a da equivalencia, respectivamente. Dado que a cadea de equivalencia establece unha sucesión paratáctica entre os elos que a compoñen, ningún deles pode ocupar unha posición de centralidade fundamentada nunha lóxica combinatoria de natureza hipotáctica. Daquela, se a unidade da cadea de equivalencia se vai organizar arredor dun significante privilexiado, tal privilexio non se pode derivar dunha posición estrutural diferencial, senón dun investimento catéctico de índole radical. Así, os símbolos do Solidarność, en Polonia, tiveron éxito non porque os estaleiros de Lenin ocupasen unha posición de centralidade estrutural no país, senón porque expresaban uns sentimentos radicais opostos ao *statu quo* nun momento en que moitas outras reivindicacións sociais se frustraban por non atoparen canles de expresión institucional no seo do sistema político existente. Este proceso polo cal as identidades deixan de ser puramente inmanentes nun sistema e precisan identificarse cun punto transcendente a tal sistema –que é como dicir: cando unha particularidade se converte na denominación dunha universalidade ausente– é o que chamamos hexemonía. A súa lóxica é idéntica á do obxecto A, ao que xa nos referimos, e, polas razóns que aducimos antes, é esencialmente catacréstica (retórica).

Existe unha última cuestión que precisamos considerar. Unha operación hexemónica é, en esencia, tropolóxica, mais necesita que se realicen movementos estratéxicos moi concretos no *continuum* metáfora-metonymia. Porén, tamén son posibles outros movementos, dado que o *continuum* non prescribe *a priori* nin a dirección que deben tomar as intervencións nel, nin as diferentes formas de articulación que se poden dar entre os seus dous polos extremos. Genette presenta a decisión tomada por Proust que fixo posible a existencia dunha narración precisamente como iso: como unha decisión. Mais el mesmo sinala que naquel momento tamén serían posibles outras decisións, caso no cal non obteríamos unha novela senón, por exemplo, unha sucesión de momentos líricos. Do mesmo xeito, o xurdimento dunha lóxica hexemónica no pensamento político de Gramsci ten lugar no contexto de diversos modos de concibir a política na tradición marxista, os cales, malia poderen describirse como posibilidades abertas pola distinción metáfora-metonymia, difiren do

xiro hexemónico. É esa a historia cara a onde temos que dirixir agora a nosa atención.

* * * * *

Falamos antes dun grao cero do retórico, que, para acadalo, idealmente, a lóxica diferencial sintagmática tería que poder dominar todo o campo da significación –no sentido amplo que lle demos a este último termo. O requisito previo para chegar a este grao cero sería, por suposto, que a lóxica sintagmática tivese a capacidade de controlar por completo as substitucións paradigmáticas –capacidade sobre a que temos boas razóns para sermos escépticos. Con todo, ata o de agora limitamos a cuestión do grao cero á súa versión estruturalista –noutras palabras, a un sistema puramente sincrónico–, ao tempo que identificamos a noción de diacronía cunha fixación-transgresión retroactiva que supostamente funciona desde «fóra» do «interior» estrutural. Mais é esta a única alternativa real? É preciso que se organice de xeito sincrónico un espazo puramente sintagmático-combinatorio? Coido que non. Mentres a diacronía non se conciba como intervención externa e continxente, senón en canto estruturada por unha teleoloxía, unha sucesión diacrónica resulta perfectamente compatible cun grao cero do tropolóxico. Unha diferencialidade pura –o noso grao cero– non vai necesariamente ligada nin á simultaneidade nin á sucesión.

Este é o punto de partida na nosa consideración da tradición marxista, pois na raíz desta tradición existe un discurso ancorado na teleoloxía hegeliana, cuxos trazos definitorios xa coñecemos: as determinacións esenciais de calquera entidade áchanse na súa especificidade conceptual; as contradicións conceptuais inherentes a esta especificidade obrígnanos a pasar a unha nova entidade que encarna un novo estadio conceptual, etc. Marx non alterou as cousas o máis mínimo coa súa «inversión» da dialéctica hegeliana: se o fundamento é a «materia» e non a «idea», mais a materia posúe unhas leis internas de movemento que se poden especificar de xeito conceptual, o materialismo marxista é tan idealista como o de Hegel. Ontoloxicamente, en realidade, non son diferentes.

O que importa para a cuestión que nos atinxe é que, na visión da Historia que xorde desta diacronía, as diferentes etapas da sucesión non se conciben como interrupcións do que as precedeu, senón como cumprimentos teleolóxi-

cos. Enfrontámonos a unha combinación pura na que cada un dos actores e tarefas teñen asignado un lugar nunha escatoloxía secular fundamentada nas «leis necesarias» da Historia. Non é estraño que a principal consecuencia política deste enfoque sexa a de privilexiar a «estratexia» sobre a «táctica»: considerábase que os cálculos estratéxicos a longo prazo eran posibles porque o teleoloxismo das premisas abría o camiño para facer predicións históricas, mesmo se estas non eran máis que «predicións morfolóxicas», en palabras de Antonio Labriola. E calquera incumprimento desas predicións podía descartarse por considerar que se trataba dunha aberración temporal que quedaría invalidada unha vez que as «leis necesarias» reafirmasen a súa validez a longo prazo.

As versións máis extremas deste teleoloxismo atópanse, por suposto, nas correntes ortodoxas da Segunda Internacional, mais abonda con ler o «Prefacio» da *Crítica da economía política* para decatarnos de que, malia que de xeitos menos crus, impregna toda a tradición marxista. Por iso podemos falar dun grao cero retórico: nesta sucesión sintagmática non hai lugar nin para os desprazamentos metonímicos nin para as reagregacións metafóricas. Con todo, un podería preguntarse: pero non é precisamente na sucesión combinatoria de diferentes posicións onde funciona a metonimia? A resposta é que si, mais a metonimia, como xa sabemos, supón subverter o principio de diferencialidade mediante substitucións fundamentadas na contigüidade, e son precisamente estas substitucións as que tende a bloquear o literalismo sintagmático.

O literalismo marxista requiría reducir o proceso de desenvolvemento histórico a un mecanismo que tiña que resultar conceptualmente aprehensible no tocante ás súas leis de movemento. Mais para acadar esa aprehensibilidade conceptual tamén era preciso que calquera cousa que escapase ao que se podía especificar mediante esas leis se descartase por ser historicamente irrelevante:

As mudanzas acontecidas nos alicerces económicos conducen, antes ou despois, á transformación de toda a inmensa superestrutura. Ao estudar ese proceso, sempre resulta necesario distinguir entre a transformación material das condicións económicas de produción —que se poden diferenciar coa precisión da ciencia natural— e o legal, político, relixioso, artístico ou filosófico; en resumo, formas ideolóxicas nas que os homes adquiren consciencia deste conflito e loitan contra el. Igual que un non xulga outro individuo polo que este opina de si mesmo, tampouco pode xulgar un período de trans-

formación semellante pola súa conciencia; ao contrario, esta conciencia ha de explicarse a partir das contradicións da vida material, do conflito que existe entre as forzas produtivas sociais e as relacións de produción (Marx, 1971, p. 24).

Agora ben, precisamente esta marcada distinción entre o que é pertinente e o que non o é esvaécese durante a primeira «crise do marxismo» a finais do século XIX. O capitalismo recuperouse logo dun longo período de depresión e comezou a transición cara á fase de monopolio e cara ao imperialismo. Nesta situación, fraqueou a fe que o socialismo tiña en que o sistema viñese abaixo como consecuencia das súas contradicións internas. O desenvolvemento histórico revelara ser moito máis complexo do que se supuña, e esta complexidade adoptou a forma de contaminación entre estratos sociais que, segundo a teoría clásica, deberían ficar diferenciados. Así, o «capitalismo organizado» deixou de ser explicable en función das leis do mercado puras e duras e, ao nivel mesmo da infraestrutura, produciuse a intervención dun elemento de regulación consciente; o imperialismo levou á emerxencia dunha «aristocracia traballadora» e, a resultas disto, a unha atenuación dos conflitos de clase, etc. A consecuencia que se deriva para a nosa análise é que o propio terreo grazas ao cal se tornara accesible o grao cero do tropolóxico quedou esnaquizado e os movementos retóricos adquiriron unha grande importancia, tanto no sentido metafórico como no metonímico.

Con todo, este xiro tropolóxico adoptou unha ampla variedade de formas e direccións. A este respecto, e como anticipamos, o primeiro exemplo ao que nos imos referir é o das últimas obras de Georges Sorel. Igual que moitos outros pensadores socialistas da súa época, Sorel, no momento de escribir as *Reflexións sobre a violencia*, perdera a fe na perspectiva de que o capitalismo producise o seu propio derrubamento como resultado de leis puramente económicas. Daquela, a fin de manter viva a vocación revolucionaria da clase obreira, era preciso apelar a algo que non fose o determinismo económico; había que facer entrar en escena algún principio subxectivo. É importante decatarse de que, para Sorel, o seu apoio á loita proletaria non se fundamentaba na xustiza das demandas dos traballadores, senón na súa crenza de que o proletariado representaba a única forza social capaz de evitar a decadencia burguesa, dado que a perspectiva á que se enfrontaban as sociedades contemporáneas era a dun declive xeral da civi-

lización. Así, o principio que podía manter a pureza da identidade proletaria era a violencia e, para este propósito, resultaba esencial que a clase obreira non interviñese na política, posto que iso podía invitala a participar nos mecanismos do Estado burgués. Sorel opuña a «violencia proletaria» á «violencia política», estando esta última encarnada polo xacobinismo.

A violencia proletaria tiña que organizarse arredor dun mito: «Os homes que participan nos grandes movementos sociais representan para si a súa acción inmediata en forma de imaxes de batallas que garanten o triunfo da súa causa. Propoño chamar mitos estas construcións que tan importante é que coñeza o historiador: a folga xeral dos sindicalistas e a catastrófica revolución de Marx son mitos» (1990, p. 21).

Sorel contrapón o mito e a utopía: mentres que a segunda é un construto intelectual puro, o proxecto dunha sociedade futura ou ideal, o mito non é máis que un conxunto de imaxes capaces de galvanizar a imaxinación das masas e de proxectalas cara á acción histórica. E o mito arredor do cal se debería organizar a identidade proletaria é o da folga xeral:

Teño entendido que este mito da folga xeral horroriza [*froisse*] a moitos *sabedores* polo seu carácter de infinidade; o mundo actual ten moita inclinación a retornar á opinión dos antigos e a subordinar a moral á boa xestión dos asuntos públicos, o cal leva a situar a virtude no xusto medio. Na medida en que o socialismo segue a ser unha doutrina enteiramente presentada a través de palabras, é doado facer que se desvíe cara a un xusto medio; mais esta transformación resulta claramente imposible unha vez que se introduce o mito da folga xeral, que comporta unha revolución absoluta (1990, p. 25).

E, máis unha vez: «Hoxe en día os mitos revolucionarios son case puros, fan posible entender as actividades, sentimentos e ideas das masas populares que se preparan para entrar nunha loita decisiva; non son descrições de cousas, senón expresións de vontades» (1990, p. 29-30).

No mito, a infinidade da tarefa vai acompañada da pobreza de contido. A súa función consiste, precisamente, en separar o militante do obxectivo concreto que ten a acción particular deste. Supoñamos un grupo de traballadores que participa nunha folga para reivindicar salarios máis altos; se a folga ten éxito e o seu único fin era esa demanda concreta, o éxito produce a desmobilización e a inte-

gración dos traballadores no *statu quo*. Porén, de se entender que a participación nesa acción particular foi un mero episodio que lle deu ao proletariado unha ensinanza sobre o obxectivo final, o significado desa loita específica muda por completo. Isto explica a infinidade da tarefa á que se refire Sorel: non se pode identificar con obxectivo concreto ningún. E tamén explica a súa pobreza de contido, a cal, en realidade, é máis que pobreza, pois, ao designar unha tarefa infinda, nega a mera posibilidade da existencia de contidos –que necesariamente terían que ser infindos. No mito soreliano atopamos un dos exemplos máis puros do que denominamos «significantes baleiros»; dá o mesmo se a folga xeral é un acontecemento que pode acontecer ou non, mais, malia non ser Sorel totalmente explícito a este respecto, coido que a propia lóxica do seu argumento apunta a unha resposta negativa, xa que todo cumprimento finito poría en perigo a infinidade da tarefa. Así, a súa condición aproxímase á da idea reguladora de Kant.

Con todo, como hai que interpretar este conxunto de desprazamentos que presenta Sorel contra a secuencia de categorías do marxismo clásico? Como e cando, exactamente, ten lugar o xiro tropolóxico? Para empezar, en Sorel non hai pluralidade sintagmática de lugares de enunciación porque todos eles converxen no reforzamento dunha identidade proletaria senlleira. Tanto se falamos de folga como dunha manifestación ou da ocupación dunha fábrica, estas non son máis que ocasións para ensaiar un acontecemento «futuro» senlleiro: a folga xeral. Tales ocasión son, de certo, plurais, mais a súa pluralidade está presente só para eclipsarse en canto mero soporte do acontecemento único que fala a través de todas elas. É dicir, enfrontámonos a unha reagregación metafórica pura que non se ve interrompida por pluralidade metonímica ningunha. Non hai nada que desprazar, porque as localizacións do acontecemento metafórico están aí unicamente para seren negadas por este último. Para dicilo claramente, a ruptura revolucionaria non funciona mediante a equivalencia senón mediante a identidade absoluta. Por isto, Sorel vén sendo a cara oposta simétrica do «grao cero da retórica» da Segunda Internacional, para a cal na determinación do suxeito emancipador non tiña cabida movemento tropolóxico ningún. Para Sorel, esta determinación só podía avanzar mediante unha forma extrema de tal movemento tropolóxico, nomeadamente unha metáfora pura que eliminase toda pegada das súas bases metonímicas. A analoxía desvela unha esencia que

rompeu todos os seus vínculos coa contigüidade; a equivalencia é substituída pola identidade pura. Porén, como esta identidade se constrúe arredor dun lugar baleiro –a folga xeral– cuxos efectos discursivos dependen da súa falta de contido, afirmala implica achegarse ao nihilismo. Non é raro que do sorelianismo bebesen diversas correntes de pensamento: desde o comunismo radical e a ultraesquerda ata o fascismo.

Chegados a este punto podemos volver á análise de Proust que fai Genette. Segundo el, como vimos, en Proust hai narración só porque as metáforas se inscriben nun movemento metonímico; doutro xeito non temos máis que unha sucesión de momentos líricos. Pois ben, esta última posibilidade é a que promulga o texto de Sorel. Ningún acto revolucionario atopa o seu significado nunha sucesión que o dota da súa razón de ser nesa serie, senón que cada un deles é a expresión dalgún tipo de forza de repetición que constantemente reinstaura, como Sísifo, unha identidade única. Este é o motivo polo cal a noción de Genette dunha sucesión de momentos líricos como alternativa á narración de Proust –noutras palabras, *flashes* metafóricos puros que non se inscriben en sucesión metonímica ningunha– se aplica tan ben á visión que Sorel ten da política; e, tamén, o motivo polo que non pode existir unha estratexia soreliana baseada nun cálculo a longo prazo. Mentres que para os Kantskys ou Plekhanovs ese cálculo se fundamentaba nunhas leis da historia supostamente coñecidas, para Sorel a mera idea das predicións a longo prazo non ten sentido ningún. Afirmar unha subxectividade revolucionaria escapa, en boa medida, ás consideracións estratéxicas.

* * * * *

Se o discurso de Sorel se estrutura nun eido en que a subxectividade política non pode actuar máis que a través dunha metáfora total que oculta mesmo as pegadas dos seus fundamentos metonímicos, a experiencia do leninismo é diferente: a subversión metonímica do espazo diferencial da teleoloxía marxista debe ficar visible, ata o punto de imposibilitar o movemento cara ao seu *telos* metafórico. O leninismo xorde como resposta política a unha anomalía no desenvolvemento histórico; esperábase que Rusia seguise o patrón das revolucións democrático-burguesas clásicas de Occidente, e a tarefa que se tiña por

diante consistía en derrocar o tsarismo e abrir un longo período de democracia capitalista. Deste xeito, o socialismo era simplemente unha perspectiva a longo prazo que se acadaría como resultado das contradicións dunha sociedade plenamente capitalista. Nesa revolución democrática, a burguesía tiña que ser a forza dirixente «natural», e as diversas tarefas e forzas tiñan asignada a súa función de acordo cunha sucesión que estaba fixada de antemán. A anomalía consistía en que a burguesía rusa autóctona chegara demasiado tarde ao panorama histórico, cando xa estaba ben establecido un mercado capitalista mundial e, en consecuencia, esa burguesía era demasiado feble para levar a cabo a súa propia revolución democrática. En troques, o capitalismo avanzaba con rapidez en Rusia grazas a investimentos estranxeiros. Creábase así a paradoxal situación –«anómala» con respecto ao patrón canónico– de que, nun país maduro para que se producise unha revolución democrática, o axente «natural» desa transformación histórica se vía incapaz de cumprir coa súa tarefa.

No entanto, como resultado do desenvolvemento capitalista, estaba a xurdir unha robusta clase obreira, que non tiña ningunha das limitacións da burguesía indíxena e que, por isto –e esta era a tese dos socialdemócratas rusos–, debía asumir o labor histórico de encabezar a revolución democrática –na versión leninista, en alianza co campesiñado– que o seu axente natural, a burguesía, deixara sen facer. Esta asunción anómala dunha tarefa por parte dunha forza que non era o seu axente natural é o que os socialdemócratas rusos denominaron «hexemonía». Aquí temos, xa que logo, unha fractura no desenvolvemento histórico, unha discontinuidade na secuencia das súas categorías. Que a clase obreira asumise os labores democráticos era un acontecemento que, politicamente, se podía explicar en función dun conxunto de circunstancias históricas, mais que non se podía inserir como un dos vínculos necesarios do paradigma canónico. Constituía unha «excepcionalidade», para empregar a terminoloxía da época.

Agora ben, se estudamos a estrutura desta excepcionalidade, vemos decontado que a presenza da clase obreira no centro dos acontecementos históricos nun momento en que o país tiña a madurez suficiente para que se producise unha revolución democrática foi o que lle asignou esa función á clase obreira. Tratábase dunha relación de contigüidade. Estamos a falar, daquela, da construción dun novo vínculo entre tarefa e axente que só se pode concibir como desprazamento metonímico.

Sabemos, porén, que toda metonimia ten unha tendencia natural a se ir convertendo en metáfora, e a relación de contigüidade, a tornarse unha relación de analogía mediante unha asociación continuada. Así, normalmente poderíamos esperar que a natureza do labor democrático mudase cando ese labor fose asumido polo proletariado, e que a natureza de clase deste último tamén se vise alterada como consecuencia da asunción dunha tarefa democrática. Mais nada disto aconteceu. Toda a estratexia leninista fora deseñada para evitar que un labor excepcional se convertese no punto de construción dunha nova subxectividade política; a natureza de clase do proletariado tiña de permanecer inalterada. O lema leninista era «golpear xuntos e marchar separados». Por que? Diversas razóns estaban confabuladas, mais a principal consistía en que, para os revolucionarios rusos –incluídos os bolxeviques–, a excepcionalidade rusa era exactamente iso, unha excepción, e por riba diso ía durar pouco. Nin Trotsky nin Lenin –mesmo logo das «Teses de Abril»– crían que, dado o seu atraso, un poder proletario en Rusia tivese futuro ningún a menos que atopase a súa continuidade natural nunha revolución en Alemaña e nos outros países capitalistas altamente desenvolvidos máis importantes de Occidente. Noutras circunstancias, de ser así, a «excepcionalidade» rusa logo se integraría nun proceso «normal» de desenvolvemento histórico.

Se consideramos a cuestión en retrospectiva, achamos aquí a raíz do duplo discurso que se inscribirá na experiencia comunista dos anos vindeiros. A secuencia canónica de categorías tiña que manterse como o horizonte último insuperable –formalmente, o sintagma marxista nunca se puxo en dúbida–, mais, como contrapartida, a política real ía verse dominada, cada vez máis, por un empirismo das excepcionalidades que escapaba a toda teorización. A *Realpolitik* de Stalin foi a expresión extrema deste divorcio entre teoría e práctica, pero en formas máis atenuadas vai dominar o conxunto da experiencia comunista. O xeito en que se combinaron ambos os niveis talvez se poida apreciar mellor no caso de Trotsky. Toda a lóxica da «revolución permanente» só resulta concibible cando se artella o empirismo das excepcionalidades co discurso do desenvolvemento sintagmático «normal», e o argumento é o seguinte: Rusia tiña madurez suficiente para que se producise unha revolución democrático-burguesa na que a burguesía –Trotsky aceptouno– era incapaz de asumir o papel dirixente, o cal conduciría a unha revolución democrática

encabezada polo proletariado. Mais, engadía Trotsky, a burguesía non ía tolerar o poder do proletariado –nin sequera se estivese confinado dentro dos límites democráticos– e respondería cun peche patronal masivo, como consecuencia do cal o movemento obreiro, para consolidar o seu poder, tería que avanzar na dirección socialista. As revolucións sempre comezan con bandeiras democráticas, mais para estabilizárense e consolidárense é preciso facer unha transición cara á etapa socialista, modelo que os trotskistas repetirán *ad nauseam* en todos os contextos históricos imaxinables. Malia que interrompido por unha «excepcionalidade», o «etapismo» clásico está en pleno funcionamento: non se pon en dúbida a natureza de clase dos axentes sociais, como tampouco a das tarefas nin a da sucesión de fases.

Deste xeito, o momento metonímico tiña que quedar conxelado, para así impedir a construción de novas identidades por medio de reagregacións metafóricas. Aquí vemos a diferenza con Sorel: para el non hai narración, só unha secuencia de momentos metafóricos mediante os cales a identidade proletaria se reforza decontino. Para o leninismo, a interacción entre os dous niveis discursivos obrígaa a participar nunha narración permanente, co cal nunca se abandona o momento metonímico. Por esta razón o leninismo constitúe un tipo de discurso eminentemente estratéxico, que, con todo, difire visiblemente da estratexia da Segunda Internacional: para esta última, a reflexión estratéxica baseábase nunha predición histórica fundamentada nas leis necesarias da Historia, mentres que para o leninismo, dado o funcionamento das excepcionalidades, as estratexias tiñan máis ben carácter de análises conxunturais.

Porén, esta noción de análise conxuntural obríganos a ir alén das conxeladas metonimias leninistas e, certamente, alén do horizonte histórico do marxismo, pois a cuestión é a seguinte: como de excepcionais son as excepcións? Segundo Lenin, o mercado capitalista mundial non constitúe só unha realidade económica, senón tamén unha realidade política: estrutúrase como unha cadea imperialista. Nalgún punto desa cadea pode aparecer unha crise que produce –dado que a cadea se creba polo seu elo máis feble– dislocacións das relacións de forzas existentes noutros puntos da cadea, o cal fai posible tomar o poder mesmo se non se reúnen as condicións materiais «obxectivas». Nestas situacións, xa non é cuestión falar dunha pura combinación de etapas –como a postulada pola teoría do desenvolvemento combinado e irregular– nin dunha necesaria pertenza de

clase dos axentes sociais, posto que o que está en xogo é a constitución de identidades sociais complexas construídas a base de prácticas que homoxeneizan o heteroxéneo; noutras palabras, estamos a falar de reagregacións metafóricas. Xa non valen as conxeladas metonimias leninistas. Coido que a noción de Gramsci de «vontades colectivas» debería entenderse baixo esta luz; con todo, a incorporación da dimensión metafórica tampouco nos fai regresar ao bando de Sorel, pois para el isto constitúe unha unilateralización da metáfora, xa que a identidade proletaria que el trata de consolidar vén dada de antemán. Para Sorel, non se pode nin pensar en introducir elementos heteroxéneos nunha identidade social máis ampla, posto que iso só podería conducir, na súa opinión, a minar a conciencia de clase do proletariado. Porén, unha vez que o proceso político se entende non simplemente como reafirmación dunha identidade, senón como construción desta –como na «guerra de posición» de Gramsci–, non se pode deixar de lado a dimensión metonímica. A hexemonía implica pasar da metonimia á metáfora, dun punto de partida «contiguo» á súa consolidación como «analogía»; mais con isto achegámonos moito á relación metáfora-metonimia que atopa Genette no texto de Proust. Traducíndoo á linguaxe política, poderíamos dicir que, como non hai Narración (*Récit*), hai estratexia; pero, como a identidade dos axentes desa estratexia non vén dada de antemán, sempre teremos movementos estratéxicos a curto prazo, non ancorados en escatoloxía ningunha. E estes funcionarán exactamente no punto en que a metáfora e a metonimia se cruzan e unha limita os efectos da outra.

BIBLIOGRAFÍA

- COPJEC, J.: «Sex and Euthanasia of Reason», en *Read my Desire*, Cambridge, MIT Press, 1995.
- GENETTE, G.: *Figures III*, París, Éditions du Sueil, 1972.
- JAKOBSON, R.: «Two aspects of language and two types of aphasic disturbances», en M. HALLE e R. JAKOBSON, *Fundamentals of Language*, The Hague, Mouton & Co, 1956.
- LACLAU, E. M.: «The Politics of Rhetoric», en T. COHEN, J. H. MILLER, A. WARMINSKI e B. COHEN (eds.), *Material Events: Paul de Man and the Afterlife of Theory*, Minneapolis, Minnesota University Press, 2001.
- LACLAU, E.: «Why do Empty Signifiers Matter to Politics?», en E. LACLAU, *Emancipation(s)*, Londres, Verso, 1996.
- LACLAU, E.: *On Populist Reason*, Londres, Verso, 2005.
- MARX, K.: *A Contribution to the Critique of Political Economy*, Londres, Lawrence & Wishart, 1971.
- SAUSSURE, F.: *Cours de linguistique générale*, París, Payot, 1980.
- SOREL, G.: *Réflexions sur la violence*, París, Seuil, 1990.
- ULLMANN, S.: *Style in the French Novel*, Cambridge, Cambridge University Press, 1957.